



## O MUNICIPALISMO GALEGO DIANTE DA INCAUTACIÓN DO AFORRO DOS CONCELLOS

Os concellos galegos, como administracións máis próximas á cidadanía, están a dar desde o primeiro momento respostas desde o sector público á actual crise provocada pola COVID-19. A pesar dos constantes ataques á autonomía municipal e o seu debilitamento, as entidades locais demostran ser a primeira trincheira na loita contra as desigualdades e o espazo desde o que se desenvolveron nos últimos anos as políticas transformadoras máis avanzadas, sempre e cando existiu vontade política para isto.

Hoxe máis ca nunca, nun contexto de crise, os concellos están obrigados a reforzar as súas políticas sociais, axudar aos sectores económicos máis vulnerables e contribuír con políticas audaces ao cambio de modelo que a emerxencia climática esixe. Para todo isto terán que destinar moitos recursos a ámbitos que non son da súa estrita competencia e colaborar con outros niveis administrativos, algo que xa comezaron a facer sen que os gobernos da Xunta e do Estado teñan habilitado fondos extraordinarios para os municipios.

Neste contexto, o aforro dos concellos debe servir para facerlle fronte dende a proximidade ás consecuencias da pandemia da COVID-19, que lamentablemente están aínda lonxe de remitir. Deben usarse estes recursos para que os gastos excepcionais que están a realizar as entidades locais non se traduzan nun desequilibrio orzamentario. Esta idea aínda se reforza máis se temos en conta que a porcentaxe de débeda pública dos concellos non chega ao 2% da débeda pública total do sector público en España.

No ámbito europeo, por fin se están a cuestionar as regras fiscais austericidas. O 20 de marzo, o presidente da Comisión Europea anunciou a suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento para que os países puidesen gastar libremente segundo as súas necesidades. Era o momento de que o Goberno do Estado afrontase con valentía a axenda municipalista e acometese a derogación da normativa que afoga as entidades locais, dándolles plenas capacidades de gasto e soberanía sobre os seus recursos.

Hoxe, no Estado español, os concellos seguen coas mans atadas pola Lei Montoro, aprobada polo goberno do PP. Son as únicas administracións obrigadas a non endebedarse e a gastar menos do que ingresan. Resulta desalentador que, no canto de camiñar cara á eliminación deste corsé normativo, profundicemos nas trabas á autonomía e á capacidade económica municipal. As propostas presentadas polo Ministerio de Facenda dende o 15 de xullo non van na dirección reclamada polo municipalismo nos últimos anos. Non só non dan pasos firmes cara á derogación ou reforma radical da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, senón que propoñen converter os organismos locais nunha especie de entidades financeiras para o Estado, entregándolle o seu aforro nun préstamo a devolver en dez anos dende 2022.

O plan do Ministerio de Facenda, aprobado hoxe pola FEMP, pisotea as competencias municipais, adoce dun marcado carácter centralista e supón un desprezo para o traballo dos concellos. Cuestiona o espírito do artigo 140 da Constitución Española e rebenta a xa moi tocada autonomía municipal. Pretende tutelar os concellos como se fosen menores de idade. Non hai escusa para coutar o gasto e o investimento locais cando se trata de protexer ás persoas, sobre todo ás máis vulnerables. Non se pode gobernar de costas ás administracións locais, que son as máis próximas á xente e as primeiras ás que se acode.

Non podemos admitir que o goberno español obrigue aos concellos a seren bancos para o Estado. Todo o contrario, o que necesitamos é blindar a autonomía municipal e reforzar o seu financiamento, tanto desde os fondos estatais como autonómicos e europeos, e cun marco financeiro estable que permita que as entidades locais desenvolvan o seu traballo sen estaren supeditadas a negociacións ou acordos anuais que, lamentablemente, sempre acaban por limitar a súa capacidade de manobra. Acordos como o que vén de acadarse, sen precedentes na administración pública e que axudará a que o Estado cadre as súas contas ninguneando ás administracións locais.

O municipalismo galego sempre se mostrou contrario á chamada Lei Montoro e a que fosen os concellos os que pagasen a factura dunha crise que non provocaran. En 2008, o Estado endebedouse para converter a débeda privada en pública, e fíxoo trasladando o custo desa operación ás entidades locais, ás que aplicou restricións orzamentarias e de contratación de persoal camufladas de control e estabilidade. É por isto que seguimos reivindicando ao Estado a supresión da Lei de Racionalidade Orzamentaria e Sustentabilidade Orzamentaria, coñecida como “Lei Montoro”, de maneira que se eliminen o teito de gasto e a taxa de reposición do persoal das administracións municipais.

Por todo o anterior as candidaturas municipalistas galegas abaixo asinantes propomos:

1. Que o Goberno do Estado permita aos concellos o uso da totalidade do seu superávit do 2019, así como os seus remanentes de tesouraría, e utilizar a capacidade de endebedamento segundo a súa capacidade económica garantindo a solvencia financeira dos propios concellos e que isto non sexa impedimento para acceder aos fondos estatais para paliar as consecuencias da COVID-19.
2. A derogación urxente dos artigos que afectan á autonomía local da LRSAL e a Lei de Estabilidade Orzamentaria e eliminación da regra de gasto.
3. Transparentar o marco financeiro resultante dos orzamentos municipais do 2020 e seguintes tendo en conta os acordos entre o Goberno español e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) sobre o uso de remanentes de tesouraría.
4. Unha interlocución directa co Goberno central por parte da FEGAMP como representante dos intereses dos concellos galegos e participación directa na definición e distribución dos fondos europeos para lle facer fronte á crise da COVID19.

Marea Atlántica  
Marea de Vigo  
Compostela Aberta  
Ferrol En Común  
Alternativa Canguesa de Esquerdas  
Sadamaioría  
Son de Teo  
Ribeiro en Común  
Marea de Noia  
Xuntos por As Pontes  
Veciñanza de Cuntis  
Unidade Veciñal de Dodro